

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O BISPADO DE LUGO PARA O PROXECTO DE RENOVACIÓN DA CUBERTA DA IGREXA PARROQUIAL DE SAN MARTIÑO DE CARBALLIDO EN LUGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Bispado Diocesano de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Bispado de Lugo para o proxecto de restauración da cuberta da igrexa parroquial de San Martiño de Carballido en Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- O Bispado de Lugo está interesado en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía. O Bispado é o titular das igrexas cuxa apertura ás persoas peregrinas é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago e, por tanto, o único capaz de desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade, non resultando posible a concorrencia pública.

As igrexas e capelas no Camiño son puntos fundamentais do seu percorrido, e acostuman a ser os fitos máis relevantes en cada etapa da peregrinaxe. O peregrino achégase a elas non só como lugares de oración, senón tamén motivados pola súa historia e a súa beleza

Terceiro.- A Igrexa parroquial de San Martiño de Carballido ten planta rectangular dunha soa nave, fabricada en aparello de cadeirado granítico que queda vista na fachada principal mentres que no resto de paños de fachada aparecen revocados. Posúe cuberta de lousa a dúas augas na nave, a catro augas no presbiterio e a tres augas na capela lateral. No seu interior perviven un bo conxunto de retablos decimonónicos e unha peza arcaizante de Santiago Peregrino do XV conservada na sacristía.

San Martiño de Carballido constitúe un recurso turístico no Camiño Primitivo, tamén chamado Camiño de Oviedo ou Camiño do Norte-Interior, o máis importante nos primeiros anos do culto xacobeo.

A cuberta do templo encóntrase actualmente nun mal estado, con goteiras que provocan filtracións de auga, comprometendo o seu interior, cómpre por tanto executar as actuacións precisas para a súa restauración.

Ao mesmo tempo, quérese aproveitar para facer unha limpeza da fachada con medios non agresivos para eliminación de musgos e outros elementos que actualmente provocan dano na fachada

Cuarto.- O Plan Director 2021-2023 Galicia Destino Seguro constrúese co propósito de impulsar coa maior celeridade posible a reactivación turística de Galicia tras a crise sanitaria, económica e de emprego provocada pola COVID-19 no sector, de tal maneira que se conte cunha oferta forte e consolidada e un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega. A súa liña estratéxica 3: Territorio e Recursos



Turísticos, pretende un impulso dun turismo cultural sustentable e implicado coa contorna, que se apoie na riqueza, variedade e singularidade do patrimonio material e inmaterial de Galicia para conectar aos visitantes coa poboación local, fomentando un comportamento responsable e respectuoso co patrimonio histórico e contribuíndo ao desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Configurarase produto turístico con base en elementos patrimoniais físicos (como é o caso dos Bens de Interese Cultural), programando actividades culturais e divulgativas que faciliten a súa interpretación e a inmersión na historia e costumes de Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ó Bispado de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

